

O rápido desenvolvemento destas últimas décadas acadou, en moitos aspectos, unha caricatura do que entendemos por progreso material, permitindo que algúns excelentes logros de tempos pasados fosen substituídos por sucedáneos que anulan, baixo unha aparencia de novidade, moitos das súas virtudes, encantos e valores. A mesma inconsciencia coa que permitimos tal destrución impídenos recoñecer os esforzos que algunhas persoas, sen pensar no beneficio dos cartos ou doutra recompensa material, fan por manter, nunha poética mestura de teima e paixón, aquelas cousas nas que cren e que, dalgún xeito, desexan compartir cos seus veciños e concidadáns. Ai!, mais os seres humanos temos o triste defecto de valorar as persoas ou as cousas só cando desaparecen. Só nese intre as botamos en falta, cando se manifesta abertamente a súa ausencia. **Tanto ten, porque para iso editamos todos eses bonitos libros de vellas fotos que tanto éxito teñen, nos que gozamos da melancolía e a nostalxia da perda.**

Non sei se, en todo o país, queda aberta algunha vella sala de cine das de antes. Xa non se valora a maxia dunha sala escura dominada pola escintilante presenza dunha gran pantalla. Un espazo no que, paradoxalmente, sentímonos illados mentres nos atopamos arroupados nunha pequena comunidade. Aínda asumindo que a meirande parte do cine actual realízase pensando no pequeno formato, aceptemos a imposibilidade real de gozar, na súa expresión total, dalgunhas excelentes películas na reducida pantalla dun minicine, no televisor de plasma familiar, sen falar xa do ordenador. Perdemos moitas cousas nesa simple redución da escala. Ver unha película non é só enfrontarse a unha sucesión de imaxes en movemento que configuran unha historia, senón crear un lugar, establecer un espazo axeitado que estimule o imprescindible aspecto receptor de toda comunicación. Con todo isto quero dicir que, nun contexto mais culto, mais consciente de si mesmo e de traxectoria democrática mais adiantada, o vello cine Imperial de A Ramallosa debería ser un motivo de orgullo para os seus concidadáns. Mais aquí non é así. Aqueles que esquecen e ignoran, na súa mentalidade de escravos sen criterio, merecen ser alimentados cos mais baixos sucedáneos. Así sucede, e ninguén pode discutir nin lamentar esa radical xustiza.

Todo o que ocorre,

ocorre necesariamente (Arthur Schopenhauer)

No cine de Latino estamos seguros de atopar, a verdadeiros prezos populares, as mellores películas do ano, premiadas en festivais e recomendadas, unha e outra vez, pola crítica especializada, nunha programación que corresponde mais a unha selección previa, case de arte e ensaio, que a esas propostas convencionais que, impostas pola coacción das distribuidoras, mestura produtos banais con algunha que outra película de calidade. Non é tanto unha cuestión de gusto, ladaíña prefabricada sobre a que escribín nalgunha ocasión, como o desenvolvemento e madurez dese gusto ou criterio. Por todas estas razóns quero, desde aquí, manifestar o meu recoñecemento a Latino Salgueiro, que está a pasar polas vicisitudes dunha idade moi avanzada, e, tamén, á filla que tenta seguir e continuar os soños do seu pai. Para ámbolos dous, meu sincero agradecemento polas memorables horas que vivín no seu cine

□ **A liberdade é a possibilidade do isolamento. És livre se podes afastar-te dos homens,**

sem que te obrigue a procurá-los a necesidade do dinheiro, ou a necesidade gregária, ou o amor, ou a glória, ou a curiosidade, que no silencio e na solidão não podem ter alimento. Se te é imposible vivir só, nasceste escravo. Podes ter todas as grandezas do espírito, todas da alma: és um escravo nobre, ou un servo inteligente: não és libre. (...) Ai de ti, porém, se a opressão da vida, ela própria, te forza a seres escravo. Ai de ti, se, tendo nascido liberto, capaz de te bastares e de te separares, a penúria te forza a conviveres. Essa, sim, é a tua tragédia, e a que trazes contigo. (...) Fecho, cansado, as portas das minhas janelas, excluo o mundo e un momento tenho a liberdade. Amanhà voltarei a ser escravo; porém agora, só, sem necesidade de ninguém, receoso apenas que alguma voz ou presenza venha interromper-me, tenho a minha pequena liberdade, os meus momentos de excelsis. (Fernando Pessoa.

Livro do Desassossego

)

O domingo 18 de decembro fun ao cine de Latino para ver

Melancolía

, a última película de Lars von Trier. A verdade é que non podo imaxinar a súa proxección nunha pequena pantalla, pois ven a ser desas películas que precisan dun gran escenario, co espectador integrado, dentro dela. Ao final, as oito persoas que, enfrontándose á fría noite, acudiran a xeito de pequena comunión, saíron en reflexivo silencio, ou falando en voz moi baixa, conscientes de asistires, á marxe de calquera gusto subxectivo, a un acontecemento especial. Pois, nunha sobria reflexión de case dúas horas, o director dinamarqués lévanos, pouco a pouco, e case sen decatarnos, a preguntarnos pola nosa existencia, ese puro e finito produto da continxencia, improbable segundo as leis da física e resultado de moitos e cegos azares.

Melancolía

, como toda gran arte, apunta directamente as grandes preguntas e fondas emocións de todo ser humano. Non falo de emocións primarias, nin de suspenses gratuítos, pois esta non é a tópica película americana de catástrofes. A derradeira conflagración coa que remata a película, e a existencia terrestre, amósase xa nos primeiros minutos, antes do único crédito cos nomes da película e o autor, nunha lenta sucesión de poderosas imaxes que preparan emocionalmente ao espectador para o que vai ver despois.

Melancolía

é unha obra mestra do cine, chea de homenaxes, que fala do home de todos os tempos e culturas, da súa infinita soidade, da súa lacerante angustia. Mais non é unha película triste, pois o espectador sae do cine a soas consigo mesmo, consciente da indecente vida da que nos dotamos e que non sabemos mellorar nin superar.

Melancolía

ven a ser un compendio do coñecemento, unha síntese total que define o punto exacto onde coinciden a ciencia, as artes, a filosofía e a relixión. Como o gran poema visual que é, non poderíamos contala con palabras, pois estas non poden reflectir a rica e complexa narratividade da mesma imaxe. A historia é convencional, o guión escaso, o escenario básico e o reparto curto. Menos é mais, dicía outro gran mestre, o arquitecto Mies van der Rohe. Co insistente fondo musical de

Tristán e Isolda

, a ópera de Richard Wagner, Melancolía amósanos, na súa singular versión do Paraíso Perdido, a futilidade de todo soño que non contemple a súa fin, a inconsciente acumulación de

riquezas materiais que distraen do coñecemento, a racional necesidade da maxia para aplacar a angustia, a imposibilidade da ciencia para opoñerse ás grandes hecatombes. No ano do gran

tsunam

i xaponés,

Melancolía

é un golpe nos estómagos do positivismo científico, a transcendencia humana, do necio e rudo utilitarismo, ou do mesmo antropocentrismo. Xirando arredor de dúas actrices principais, dúas irmáns na película, Justine e Claire, e dividindo o relato en dúas partes, no que semella un incompleto aceno ao relativista

Cuarteto

de Lawrence Durrell, a feble narración, estruturada dun xeito dual, nunha sucesión de oposicións que encaixan como bonecas rusas, acumula maravillosas imaxes que lembran milenarismos medievais en clave científica. Mais non é, tampouco, ciencia ficción, aínda que non podemos vela sen pensar na odisea espacial de Kubrick, coa que mantén, no seu escepticismo tecnolóxico e no seu pesimismo activo, mais parentescos conceptuais que formais. Nunha significativa secuencia que ilustra o pensamento do autor, Justine retírase do convite da súa voda e, pechándose na biblioteca, substitúe as reproducións de arte suprematista e construtivista pola imaxe dos leñadores camiñando na neve que pintara Brueghel. O conxunto das imaxes da película configuran unha peculiar homenaxe á gran tradición pictórica europea, deleitándose, na segunda parte, no dramático claroscuro do Romanticismo alemán, expresión plástica dun sentimento do sublime perante a natureza. Pura sinerxía de fondo e forma. Fascinante é a imaxe que recolle as dúas lúas paralelas reflectíndose no mar e producindo sombras opostas nas recortadas sebes do xardín barroco. Desacougante, tamén, esa danza macabra do planeta que, no seu camiño cara á destrución total, semella, as veces, afastarse e pasar de lado, nuns brincos e fintas que xogan coas esperanzas e ansiedades humanas, mentres nega toda traxectoria ideal, toda previsión científica. Non se pode dicir que Lars von Trier non toma partido. Na pantalla, os espectadores percibimos mellor a ameaza do planeta desde un primitivo enxeño, un pau e un arame, que observándoa polo moderno telescopio dixital, que só serve de distracción, de confiada escusa, de engano aos sentidos. Lars von Trier é unha

rara avis

, un heterodoxo que constrúe o seu pensamento con imaxes. Bendita sexa a súa conciencia, o seu pesimismo radical, pois, con el, sabemos que non hai tecnoloxía que poida retrasar o final dun universo finito, nin un heroe americano que, no derradeiro intre, impida o exterminio. Mesmo, se interpretamos a grande colisión como unha metáfora do afundimento e desaparición dunha sociedade moralmente enferma, temos que aceptar que ese heroe americano non é só parte ou efecto, senón causa e orixe. Esa ven a ser unha das moitas diferenzas entre un produto de consumo, cheo de efectos especiais e ideoloxicamente predeterminado, e unha excelsa obra de arte que nada contra a corrente. Esa é, tamén, unha das razóns que explican a presenza de só oito persoas no cine de Latino esa fría noite.

O que os físicos chaman materia escura, aínda descoñecida na súa estrutura e composición, enche o 95% do universo.

Así estamos e así seguiremos mentres teñamos a casa quente e o estómago cheo. Que dure moito tempo. Aínda que, se non meditamos a nosa existencia cando temos cubertas as necesidades primarias, non imos facelo no intre de loitar pola simple supervivencia.

Estar vivos: algo que nos sucede / entre a costume e a milagre / A milagre / non debe traizoar á costume / A costume / non debería esquecerse da milagre (Jorge Riechmann)

Pois cando o vello sabio sinala algo co dedo, a estúpida multitude olla ao dedo. Neste contexto redutor e conformista, benvinda sexa unha boa labazada ben fundamentada, unha proveitosa dose de pesimismo. Grazas Lars von Trier. Grazas por manter o dedo ben alzado.